



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, I: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 2, I: Francés-Galego			
Código	V01G230V01411			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia preséntalle ao alumnado un panorama textual amplo, de maneira que poida familiarizarse coas diferentes estruturas textuais dos textos redactados en Idioma II. O alumnado debe analizar dende o punto de vista estilístico contrastivo os textos producidos en Idioma II, e proceder á súa tradución en lingua A mediante os uso das técnicas e estratexias de tradución adquiridas nas prácticas de 1º ano de Grao e na materia de Tradución Idioma I cursada no 1º cuadrimestre. A materia de Tradución Idioma II centra a aprendizaxe na práctica de tradución de textos redactados en Idioma II cara á lingua do alumnado.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
C17	Capacidade de tomar decisións
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	A1 A2	C2 C4	D2
SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	A3	C13 C17	
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto.	A1	C4	D2
SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo xeral e as súas características (argumentativos, expositivos...)	A2 A3		D7
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida.	A1	C1	D9
SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	A2 A3	C2 C3 C17	D17
COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo xeral. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolverlos, e argumentar as escollas. Traducir textos non especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A1 A2 A3	C3 C4 C8 C17	D4 D7 D15 D22
Ser-se capaz de utilizar com proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoje dispom o tradutor profissionnal, tanto as tradicionais como as enquadradas nas TIC.			

Contidos

Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Lectura 1.2 Busca de información - Resolución de problemas 1.3 Documentación 1.4 Revisión
2. Dicionarios e fontes de documentación	2.1 Fontes de documentación en formato papel 2.2 Fontes de documentación en rede 2.3 Localización de textos paralelos
3. Exercicios prácticos de tradución	2.4 Busca de ferramentas e avaliación das fontes
4. A tradución en Galicia	3.1 Tradución de textos divulgativos e pragmáticos. 3.2 Problemas específicos de tradución 4.1 Presentación e descrición dos textos traducidos en galego desde o francés. 4.2 O tradutor no seu contexto 4.3 Ética e responsabilidade do tradutor

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	7	13	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	25	50	75
Traballos tutelados	2	19	21
Presentacións/exposicións	4	10	14
Prácticas autónomas a través de TIC	2	10	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	0	4
Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado de 2h. a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	As 7h de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución dende o francés cara ao galego en Galicia e a explicar o proceso tradutor. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.

Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado de 25 horas, realizaranse análises de texto, resumos e esquemas, exercicios de tradución do nivel do alumnado de Idioma II , así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistras.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar un traballo sobre algunha das dificultades de tradución presentadas nas clases maxistras, que será tutelado pola profesora. Durante as 2 horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará o seu traballo en galego na clase.
Prácticas autónomas a través de TIC	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumnado coñecerá as bases de datos e fontes de documentación necesarias para a tradución de textos de índole xeral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora atenderá todas as dúbidas do alumnado nas horas de titorías. Respecto do traballo que ten que presentar o alumnado, a profesora atenderá de xeito personalizado as cuestións que teñan que ver coa documentación e redacción do mesmo para a súa exposición oral nas sesións de clase destinadas a tan fin.
Presentacións/exposicións	A profesora atenderá todas as dúbidas do alumnado nas horas de titorías. Respecto do traballo que ten que presentar o alumnado, a profesora atenderá de xeito personalizado as cuestións que teñan que ver coa documentación e redacción do mesmo para a súa exposición oral nas sesións de clase destinadas a tan fin.
Prácticas autónomas a través de TIC	A profesora atenderá todas as dúbidas do alumnado nas horas de titorías. Respecto do traballo que ten que presentar o alumnado, a profesora atenderá de xeito personalizado as cuestións que teñan que ver coa documentación e redacción do mesmo para a súa exposición oral nas sesións de clase destinadas a tan fin.

Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A profesora atenderá todas as dúbidas do alumnado nas horas de titorías. Respecto do traballo que ten que presentar o alumnado, a profesora atenderá de xeito personalizado as cuestións que teñan que ver coa documentación e redacción do mesmo para a súa exposición oral nas sesións de clase destinadas a tan fin.
Probas de resposta curta	A profesora atenderá todas as dúbidas do alumnado nas horas de titorías. Respecto do traballo que ten que presentar o alumnado, a profesora atenderá de xeito personalizado as cuestións que teñan que ver coa documentación e redacción do mesmo para a súa exposición oral nas sesións de clase destinadas a tan fin.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	10	A1 C8 D9 A2 C13 D15 A3 D17
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado.	30	A1 C1 D2 A2 C2 D4 A3 C3 D7 C4 D15 C8 D22 C17
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente, e de xeito individual, o traballo encomendado a comezos de curso.	15	A1 C2 D4 A2 C8 D9 A3 D17 D22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Neste apartado, entregaránselle ao alumnado textos para seren traducidos que tenten simular situacións reais de traballo.	35	A1 C1 D2 A2 C2 D4 A3 C4 D7 D15 D22
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler un libro obrigatorio (cf. Bibliografía) que será avaliado mediante unha proba de resposta curta.	10	A1 C1 D2 A2 C2 D9 A3 C13 D17 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade presencial debe superar todas as probas para superar a materia. Isto é, lectura obrigatoria, encomendas, tarefas realizadas en clase, control sobre os conceptos teóricos e exposición de traballo. As datas de entrega indicaranse a principios de curso

A data de entrega por escrito do traballo obrigatorio é a finais de marzo de 2016. En caso de detectar plaxio nalguna das partes do mesmo, a cualificación será 0.

Se o alumnado suspende algunha destas probas deberá presentarse ao exame final para tentar recuperalas. O exame final terá lugar durante o período de docencia na derradeira sesión de clase (abril de 2016) na aula asignada.

O alumnado que se acolla á modalidade non presencial deberá presentarse a esa convocatoria ou ben á convocatoria de xullo de 2016. O exame consistirá na presentación por escrito dun traballo sobre os contidos teóricos, a realización dunha proba de tradución do francés cara ao galego dunhas 400 palabras, así como do control da lectura obrigatoria.

A profesora conservará os resultados das probas superadas ata a convocatoria de xullo que fixará o centro.

Bibliografía. Fontes de información

Toda a bibliografía obrigatoria e de consulta indícarase a principios de curso

PEYROUTET, Claude (2009) *La pratique de l'expression écrite*. París: Mathan
DOSIL, B. & RIVEIRO, Xesús. *Diccionario de Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.
VV.AA. *Diccionario galaxia de Usos e dificultades da lingua Galega*. Vigo: Galaxia.

A docente indicará a principio de curso cal será a lectura obrigatoria do cuadrimestre.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101